



Asociación para a Defensa Ecolóxica de Galiza

Avenida de Castelao, 20, baixo

15.704 Santiago de Compostela

Tfno e fax: 981-570099

Correo-e: adega@adega.gal

Páxina electrónica: www.adega.gal

DOCUMENTO DE ALEGACIÓNS

Fins Eirexas Santamaría, DI XXXXXXXX-X, secretario técnico de ADEGA, (Asociación para a Defensa Ecolóxica de Galiza), CIF G-15044811, con domicilio a efectos de notificación na Avenida de Castelao, 20, baixo, 15704 Santiago de Compostela, en representación desta entidade, presenta ao Proxecto de Lei de Cambio Climático e Transición Enerxética as seguintes,

ALEGACIÓNS

1. Encol dos obxectivos de redución de emisións de gases de efecto invernadoiro (GEIs), enerxías renovábeis e eficiencia enerxética:

O Programa das Nacións Unidas para o Medio Ambiente (Informe sobre a fenda de emisións 2019) recomenda que as emisións diminúan un 7,6% cada ano entre 2020 e 2030. Porén neste proxecto de lei establécese un obxectivo de redución do 20% para o 2030 con respecto a 1990, isto é arredor do 3% anual no vindeiro decenio. Xa que logo e atendendo ás recomendacións da ONU, **este obxectivo de redución de emisión de GEIs debería abeirar o 50% con respecto a 1990 ao final do periodo 2020-2030.**

Asemade, e a respecto do sistema eléctrico, fíxase un obxectivo do 70% de enerxías renovábeis para o periodo 2020-2030. A este respecto e para que en 2050 se poida acadar a neutralidade climática é fundamental que o sistema eléctrico aborde obxectivos máis ambiciosos en consonancia co demandado polo IPPC, para o que as accións no decenio 2020-2030 son chave. Xa que logo, **no horizonte de 2030 cando menos o sistema eléctrico debería ser 100% renovábel, adiantando o peche das centrais de carbón ao 2025 e das nucleares para o 2030.**

En consonancia co anterior, a **penetración das enerxías renovábeis no consumo de enerxía final non debería ser inferior ao 75% para o ano 2030.**

2. Encol da Estratexia de descarbonización a 2050:

A descarbonización debería atinxir a todo o modelo produtivo e portanto, fixar obxectivos de mitigación en todos os sectores chave tendo en conta as dificultades de adaptación e os previsíbeis altos custos desta transición. En previsión destas dificultades e para garantir unha transición regrada, **debería incorporarse xa en 2030 un obxectivo cuantificado de mitigación de emisión de GEIS de cando menos o 50% con respecto a 1990.**

3. Encol da xeración eléctrica en dominio público hidráulico:

A enerxía hidroeléctrica malia a ser renovábel non está exenta de impactos ambientais (sobre as canles e ribeiras, o rexime hídrico, a paisaxe, o clima, a biodiversidade...) e sociais (deterioro de servizos ecosistémicos, ocupación de terras, expropiacións, fragmentación rural...).

Coas concesións caducadas ou prontas a caducar hai unha oportunidade de revertir estes impactos, ben através da **supresión das máis impactantes ou segundo o caso, da reversión ao dominio público das súas instalacións.** Para isto último faise preciso **constituir empresas públicas ou mixtas** que xestionen estes recursos con criterios de sustentabilidade e xustiza social, na procura dun retorno dos beneficios económicos á cidadanía, comezando polas comunidades afectadas por estas instalacións.

A xestión da demanda, a suficiencia, a eficiencia e a sustentabilidade ambiental e social deberán prevalecer sobre a xeración, de xeito que a construción de novas centrais supeditarase a estes criterios e non aos do mercado, aliás de cumprir cos condicionantes da DMA, os planos de bacía e os obxectivos de conservación da RN2000. Polo que atinxe ás centrais reversíbeis, aplicarásenlle os mesmos criterios, priorizando a optimización e a mellora técnica das instalacións xa existentes sobre a construción de novas infraestruturas.

4. Encol das axudas a produtos enerxéticos de orixe fósil:

Reducir as emisións derivadas do petróleo á metade e as do gas a un terzo en 2030 como recomenda o IPPC. Unha boa ferramenta é **eliminar calquera subvención pública aos produtos enerxéticos de orixe fósil e reorientalas á fomento das enerxías limpas, á mellora da eficiencia dos sectores afectados e á promoción dunha transición xusta, con preferenza a aqueles territorios máis afectados polo peche das centrais de carbón.**

5. Encol da promoción da mobilidade sen emisións:

Para acadar o obxectivo de que en 2050 as emisións de turismos e vehículos comerciais lixeiros sexa 0, e ter posibilidades reais de cumprir cos obxectivos internacionais de 1,5º C de quecemento, sería preciso **adiantar a fin da venda de novos vehículos de explosión (diesel, gasolina e GLP) no horizonte do ano 2025, e dos híbridos para o 2030.**

A respecto da planificación da mobilidade urbana en concellos de máis de 50.000 habitantes, habería que incorporar a **obligatoriedade de promover redes de transporte ferroviario de proximidade.**

6. Encol da consideración do cambio climático na planificación e xestión da auga:

Alén dos obxectivos expresados a respecto da planificación e xestión hidrolóxica no seu proceso de adaptación á mudanza climática, habería que incluír tamén o obxectivo de **preservar o seu carácter de servizo público esencial.**

7. Encol da consideración da mudanza climática na planificación e xestión territorial e urbanística, así como nas intervencións no medio urbano, na edificación e nas infraestruturas do transporte:

Deberíase incluír unha referencia a que, alén da adaptación das infraestruturas existentes, se fomenta tamén a **redución das necesidades de mobilidade xa dende a propia planificación urbanística.**

Polo que atinxe á planificación das novas instalacións e infraestruturas de produción enerxética con renovábeis e a súa ubicación no territorio, faise preciso **delimitar zonas de exclusión para preservar a diversidade natural, a conectividade ecolóxica e salvagardar os servizos ecosistémicos presentes en determinados territorios.**

8. Encol da protección da biodiversidade fronte ao cambio climático:

No actual contexto de mudanza climática, faise preciso unha urxente **actualización e adaptación a esta dos diferentes instrumentos de xestión do patrimonio natural protexido** (planos de conservación e recuperación de especies e espazos protexidos, PORN, PRUX, etc.), así como unha **revisión dos catálogos de especies vulnerábeis e das estratexias de conservación.**

Polo que atinxe á RN2000, debería garantirse unha **maior representatividade territorial daqueles hábitats chave para a millorar a resiliencia natural fronte á mudanza climática** e a preservación dos servizos ecosistémicos, tais como zonas húmidas (brañas, turbeiras, breixeiras húmidas,

augas libres, lagoas e marismas litorais, bosques de ribeira...), incorporándoos a novos espazos da RN2000 ou alongando os existentes.

As zonas húmidas, e particularmente as turbeiras e brañas, fixan 3 veces máis C que os bosques maduros e almacenan no seu conxunto unha cantidade deste elemento superior á de todos os bosques do planeta. Incorporar estes hábitats a novos espazos protexidos é fundamental para evitar a súa destrución e recuperar aqueles degradados.

Alongar a rede de humidais protexidos baixo a convención Ramsar especialmente en zonas litorais, bacías endorreicas e cabeceiras fluviais, resulta chave para amortecer os impactos da mudanza climática (maior erosión costeira, aumento dos fenómenos meteorolóxicos extremos, maior incidencia das secas...) e aumentar a resiliencia dos ecosistemas.

Toda a RN2000 debería estar conectada por corredores ecolóxicos para garantir a súa coerencia e a preservación das súas funcións como amortecedora de impactos e reservorio de biodiversidade.

9. Encol da política agraria, desenvolvemento rural e política forestal:

Os **principios reitores** da política forestal deberán guiarse pola diversidade de hábitats e especies, a multifuncionalidade de usos, o fomento do arborado autóctono, o mantemento dos servizos ecosistémicos, e a sustentabilidade económica e social.

Especial atención merecen os cultivos de especies forestais alóctonas, particularmente aquelas que consideradas pirófilas como o eucalipto e o piñeiro. O seu aproveitamento, en particular o monocultivo do eucalipto empobrece os solos, diminúe a fertilidade e a cantidade de auga dispoñíbel, reduce a biodiversidade e favorece os lumes forestais en frecuencia e intensidade. Xa que logo, esta norma debería contemplar unha **moratoria en todo o Estado para novas plantacións de eucalipto**, recollendo tamén a prohibición do aproveitamento de especies que como o *E. nitens* teñen un alto potencial invasor e da transformación de hábitats de pasteiros e mato en forestais. Así mesmo, nos espazos protexidos e terras con potencial agrario deberíanse promover **planos de erradicación** das plantacións ou manchas ventureiras do xénero *Eucalyptus*.

10. Fomento da capacidade de absorción de los sumidoiros de carbono:

Non debería considerarse o fomento das plantacións forestais como única vía de promoción dos sumidoiros de carbono. Ben ao contrario: hábitats como as zonas encharcadas e turbeiras, poden a capturar máis C que os bosques maduros. Contemplar a **protección dos servizos ecosistémicos que prestan estes sumidoiros naturais** debería ser unha prioridade fronte á forestación. E **determinados monocultivos forestais de ciclo curto**, como os de eucalipto para pasta de papel e especialmente para a xeración eléctrica, mesmo amosan un balanço de C neto positivo, polo que **non deberían ser considerados sumidoiros**.

Neste senso, deberíase **modificar o Decreto 163/2014**, de 14 de marzo, polo que se crea o rexistro de pegada de carbono, compensación e proxectos de absorción de dióxido de carbono, para **excluir da consideración de sumidoiros de C ás masas de eucalipto** e doutras especies exóticas invasoras.

En virtude do exposto,

SOLICÍTASE

1. Que se teña por presentado o este escrito e formuladas as alegacións antes expostas ao Proxecto de Lei de Cambio Climático e Transición Enerxética.
2. Que se incorporen ao articulado da antedita norma nos contidos das alegacións presentadas.

Compostela, 11 de setembro de 2020

Asdo. Fins Eirexas, secretario técnico de ADEGA